



Facultade de Bioloxía

Informe de Coordinación Grao en Biotecnoloxía

1º Semestre
Curso: 2019-2020



Coordinadores

Primeiro Curso: Manuel Noia Guldrís

Segundo Curso: Cristina Díaz Jullien

Índice

Contido

Primeiro Curso.....	1
Segundo Curso.....	12

Primeiro Curso

ENQUISA AO ALUMNADO.

O alumnado respondeu a “enquisa de percepción do desenvolvemento das materias” (Anexo I) o día 29 de xaneiro de 2019. En total, o número de enquisas contestadas foi de 47. Os resultados desta enquisa móstranse ao final do presente informe (Anexo II).

REUNIÓN COA REPRESENTANTE DO ALUMNADO.

- Día: 13 de febreiro de 2019.

- Asistentes: Manuel Noia Guldrís (coordinador de primeiro curso) e Cristina Cerqueira Atares (representante do alumnado).

- Puntos da orde do día:

1.- Dúvidas, recomendacións, queixas e suxestións. Comentando tamén as presentadas nas enquisas.

Punto 1 da orde do día: a representante sinalou os seguintes temas:

EN XERAL

Mellorar a organización dos horarios para que non queden horas libres polo medio. Esta queixa/suxestión foi transmitida ao Decanato, contestando que o alumnado ten que ter en conta que o horario se elabora tendo en conta as necesidades do profesorado que ten docencia en distintas facultades, a dispoñibilidade de aulas e a compatibilidade de horarios entre os diferentes grupos de actividades interactivas. Non obstante, no decanato sempre se atenden as solicitudes de cambio de horario, sempre que profesorado e alumnado estean de acordo e sexan factibles tendo en conta as limitacións anteriores.

Comentan que non se cumpre que as clases sexan de 50 minutos polo que non teñen descanso entre elas. Esta queixa tamén foi transmitida ao Decanato para mandar un correo-e a todo o profesorado de biotecnoloxía recordando que as clases son de 50 minutos.

Preguntan se van ter información sobre os programas SICUE e ERASMUS. Consultado este tema no Decanato, informa que no momento en que se abren as convocatorias de mobilidade, a facultade sempre convoca ao alumnado para unha charla informativa.

Suxiren que lles resultaría interesante que houbera máis conferencias ou charlas.

MATEMÁTICAS

Consideran que foi a materia onde houbo máis problemas.

Informan que non dou tempo a acabar o temario polo que hai que axustar o temario coas horas de clases que hai.

Comentan que non hai diferenza entre prácticas e seminarios porque fan o mesmo.

Pouco útiles as clases expositivas da segunda parte (segundo profesor), o profesor non sabe explicar correctamente e as súas titorías non valen para nada. Ademais, consideran que o nivel da clases non se axusta co esixido no exame e que debería poñer a disposición do alumnado boletíns adaptados ao nivel e cunhas solucións correctas.

QUÍMICA

Consideran que as titorías non son útiles.

BIOLOXÍA CELULAR

Os seminarios requiren moitísimo traballo diario que non permite levar a materia dos exames ao día, ademais de que queda moi pouco tempo para as outras materias. Que se informe ao profesorado desta materia que teña en conta que non é a única que teñen.

Consideran tamén, que este alto ritmo de traballo non é valorado como debería (moito traballo que conta pouco na avaliación).

FÍSICA

Comentan que non dou tempo a acabar o temario polo que hai que axustar o temario coas horas de clases que hai.

Informan que é moito mellor a forma de explicar da segunda profesora.

BIOESTADÍSTICA E DESEÑO EXPERIMENTAL

Comentan que ben con esta materia. E póñena como exemplo das titorías que si son útiles.

REUNIÓN COS COORDINADORES DAS MATERIAS.

- Día: 21 de febreiro de 2020.

- Asistentes:

Jesús Antonio Álvarez López (Matemáticas).

María Celina Rodicio Rodicio (Bioloxía Celular).

Enriqueta López Iglesias (Física).

M^a Ángeles Fernández Sotelo (Bioestatística e deseño experimental).

Manuel Noia Guldrís (Coordinador de primeiro).

Marco Eugenio Vázquez Sentís (Química) non puido asistir a esta reunión, pero reuniuse co coordinador de primeiro o 3 de marzo de 2020.

- Orde do día:

1.- Informe xeral sobre a percepción da docencia.

2.- Rolda aberta para coñecer a opinión dos profesores das distintas materias.

Recoméndase axeitar os contidos do temario ao número de horas dispoñibles para poder rematar o temario nas materias de matemáticas e física.

O coordinador de MATEMÁTICAS comenta que se para moito nunha parte da materia porque considera que é a máis interesante para o alumnado deste grao e que ao final non dá tempo a acabar o temario. Tamén comenta que pode que o temario da súa materia sexa moi ambicioso polo que haberá que recortalo e/ou dar menos contidos. Por último, informa que o profesorado desta materia fai todo o posible e o mellor que poden para que as clases sexan de utilidade.

Tamén se trata a alta porcentaxe do alumnado que na enquisa contesta non procede na pregunta 5 (as clases prácticas (laboratorio/campo) son de utilidade para o desenvolvemento da materia). Isto considerase que debe ser un problema de como está feita a pregunta, polo tanto, esta pregunta será redatada doutra maneira para que as prácticas de ordenador e problemas/exercicios sexas consideradas como tales.

O coordinador de QUÍMICA expón que as titorías son para explicar e resolver dúbidas, pero se hai alumnado que non fai os exercicios, as titorías claro que non lle van resultar útiles.

Tamén comenta que se van modificar lixeiramente os contidos da materia eliminando aspectos estruturais sen tanta relevancia para un perfil biotecnolóxico, dedicando máis tempo á segunda parte do temario que considera que é máis interesante para un biotecnólogo; e que é coa que o alumnado está a ter máis problemas de asimilación deses coñecementos.

A coordinadora de BIOLOXÍA CELULAR informa que o alumnado probablemente non considerou a titoría como tal porque se falou moito de como ía ser a dinámica dos seminarios polo que ao mellor considerárona como un seminario.

Con respecto ao número de suspensos comenta que a maioría son os repetidores.

En canto aos seminarios, expón que o 80% do traballo que se fai no seminario é traballo para a preparación do exame porque son repaso da materia das clases expositivas polo que, ao mesmo tempo, están a preparar a materia para o exame; e que, polo tanto, tamén considera que se está avaliando correctamente o seu esforzo nos seminarios e que para o ano intentarán infomar mellor ao alumnado sobre o método de avaliación. Por outra banda, tamén considera que o número de

exercicios/problemas nos seminarios foron moitos polo que para o ano teñen pensado reducir o número destas actividades.

A coordinadora de FÍSICA comenta que son conscientes que non acabaron o temario, pero que perderon unha hora pola presentación que fai a facultade ao alumnado o primeiro día de clase, e unha hora é moito. O coordinador de curso comenta que esa hora podíana recuperar, pero seica o alumnado non quixo porque xa tiveran todas as horas expositivas.

A coordinadora de BIOESTATÍSTICA expón que non tiñan aula reservada para as titorías e que na aula reservada para facer o exame non collía todo o alumnado (queixa compartida tamén polo resto de coordinadores).

Tamén comenta se é posible ter os horarios de interactivas un pouco antes.

Por outra banda, comenta que lle parece moi alto o índice de abandono neste grao e suxire poder intercambiar algunha materia do segundo cuadrimestre máis relacionada coa biotecnoloxía con algunha materia do primeiro cuadrimestre (pon a súa materia como intercambiable); así, ao mellor, non habería tanto abandono.

Todas estas queixas e suxestións foron transmitidas ao Decanato.

O coordinador de curso pide que as queixas e suxestións expostas polo alumnado sexan transmitidas ao resto do profesorado con docencia nas distintas materias.

ANEXO I

ENQUISA DE PERCEPCIÓN DO DESENVOLVEMENTO DAS MATERIAS.

CURSO 2019-20. 1º CUADRIMESTRE.

Na táboa que segue a continuación podes valorar os seguintes apartados desta enquisa. A escala de valoración vai dende **0 (non procede)**, **1 (moi en desacordo)** ata **3 (moi de acordo)**.

Apartados da enquisa:



- 1.- As actividades realizadas na materia axústanse ás reflectidas na guía docente da mesma.
- 2.- O temario impartido axústase ao programa establecido.
- 3.- Non se aprecian redundancias e/ou solapamentos con outras materias do mesmo ou diferente curso.
- 4.- As titorías son de utilidade no desenvolvemento da materia.
- 5.- As clases prácticas (laboratorio/ordenador/problemas/exercicios) son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 6.- Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 7.- A docencia da materia mellora a miña formación.
- 8.- O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas.
- 9.- Indica o nivel de esforzo e dedicación que cres que esixe a materia (**1**: baixo, **2**: medio, **3**: alto).
10. Indica o número aproximado de horas semanais de **traballo persoal** necesarias para a superación da materia (**1**: < 3 horas semana; **2**: 3-6 horas semana; **3**: > 6 horas semana).



GRUPO:

	Matemáticas	Física	Química	Bioloxía celular	Bioestatística e deseño experimental
Pregunta 1					
Pregunta 2					
Pregunta 3					
Pregunta 4					
Pregunta 5					
Pregunta 6					
Pregunta 7					
Pregunta 8					
Pregunta 9					
Pregunta 10					



Observacións e suxestións por orde de prioridade:


ANEXO II








Informe de Coordinación Grao en Biotecnoloxía 1º Semestre 2019-2020





Informe de Coordinación Grao en Biotecnoloxía 1º Semestre 2019-2020





Segundo Curso

ENCUESTA DE VALORACIÓN DE LA DOCENCIA

El alumnado cubrió la encuesta de valoración los días 29 de enero y 3 de febrero, utilizando por primera vez una aplicación on-line desde la clase. El número de encuestas contestadas fue de 31 (algunos tuvieron problemas para hacerlo desde el móvil, aunque el segundo día la pudieron cubrir en papel).

Las gráficas con los resultados obtenidos se muestran en el Anexo I.

REUNIÓN CON LA REPRESENTANTE DEL ALUMNADO (11/02/2020)

Asistentes: Alba Ortega García (representante del alumnado) y Cristina Díaz Jullien (coordinadora de 2º curso).

Comentarios generales: se quejan de “horarios un poco caóticos”, al tener actividades por la mañana y por la tarde y en muchas ocasiones con varias horas libres a lo largo del día. El grupo 3 de prácticas tuvo las prácticas de dos de las materias al final del semestre, casi sin tiempo para hacer las memorias.

No les parecía justo que siempre fuera el mismo grupo de seminarios el que tuviera clase los viernes por la tarde. Esta queja nos la hicieron llegar al principio del 2º semestre, y se modificó el horario para que hubiera alternancia de grupos los viernes. También sugieren que se podría dejar libre ese día por la tarde.

En varias materias llegaron muy justos de tiempo al final del semestre, piden que se gestione mejor el desarrollo de los programas.

Consideran que hay solapamientos de explicaciones entre materias:

-Señalización celular y Transporte a través de membrana (que ya se impartió en la Biología Celular de 1º), se explican en Fisiología y Bioquímica I.

Comentarios sobre cada materia:

BIOQUÍMICA I:

- Creen el nivel de las explicaciones era, en ocasiones, demasiado básico.
- Los trabajos les suponían bastante carga de trabajo, con poca repercusión en la nota final.
- No se corregían todos los ejercicios de los seminarios.
- Algunos consideran que la corrección del examen carecía de criterios definidos.

FISIOLOGÍA:

- Están satisfechos con la asignatura y los profesores, aunque consideran que el temario es excesivo para el número de horas que hay.
- Aunque reconocen que los parciales ayudan a superar la materia, suponen una carga de trabajo elevada al tener que compaginarlos con el estudio de las otras asignaturas.

TRANSPORTE DE FLUIDOS Y TRANSMISIÓN DE CALOR:

- Nivel excesivo del examen. Además de no corresponder con lo explicado en clase (según su opinión, los problemas que habían hecho eran mucho más fáciles), consideran que no tienen suficiente base “anterior” para integrar conocimientos.

- Algunos grupos realizaron las prácticas antes de haber explicado parte de la teoría necesaria. Los guiones no proporcionaban la información suficiente para llevarlas a cabo y realizar la memoria final.
- Sugieren que habría que intentar darle un enfoque algo más “bio” a las materias de Ingeniería, ya que no se ven la relación con la Biotecnología y no se ven motivados para estudiarla.

MICROBIOLOGÍA II

- En general, están satisfechos con la docencia de esta asignatura, aunque consideran que al final hubo problemas para terminar el programa.
- Les parecieron muy interesantes los seminarios.
- Les gustaría que el orden de las diapositivas de las clases coincidiera con las que están en el campus virtual.

GENÉTICA I

- En general, están satisfechos con la asignatura y los profesores.
- No hicieron ninguna observación en concreto.

REUNIÓN CON LOS COORDINADORES DE LAS MATERIAS (27/02/2020)

Asistentes:

Óscar Cordero Santamaría (Bioquímica I)

Ramón Méndez Pampín (Transporte de fluidos y transmisión de calor)

Javier Sampedro Jiménez (Coordinador del grado)

Cristina Díaz Jullien (Coordinadora de 2º curso)

Excusaron su asistencia: Francisco Martín Cora (Fisiología) y Ana Otero Casal (Microbiología II).

Con respecto a la queja general sobre los horarios, se intentará hacerlos lo más racionales posibles (con alternancia de grupos), pero dada la saturación que tiene la facultad de Biología (y que va a aumentar a medida que entren más cursos de biotecnología) es imposible que no haya huecos libres y que no se programen actividades los viernes por la tarde. Sí se prestará especial interés a que las prácticas de cada materia no se impartan hasta que se hayan dado los contenidos necesarios en teoría (para evitar lo que ocurrió este curso con las prácticas de Transporte de fluidos e intercambio de calor) y para que tengan tiempo suficiente para entregar las memorias que se les piden.

Los problemas de solapamiento referidos por los alumnos se estudiarán en una reunión de coordinadores (tanto del 1º semestre como del 2º) que se llevará a cabo en cuanto los distintos departamentos organicen el POD del curso que viene.

Comentarios del coordinador de **Bioquímica I**: en cuanto a la queja de los alumnos de que tenían que hacer muchos trabajos y que puntuaban poco para la nota final, dice que ya redujo el número con respecto a los que tenía programados, pero sí está de acuerdo en revisar y concretar mejor la puntuación de la evaluación continua. Con respecto al número excesivo de ejercicios en los seminarios, considera que al ser el primer año que imparte esta materia, es difícil estimar cuánto tiempo les llevará hacerlos a los alumnos. Dichos ejercicios estaban disponibles en el campus virtual

(sin las respuestas, para poder utilizarlos de nuevo en los cursos venideros) y los alumnos podían haber pedido tutorías para resolver las dudas.

No cree que el nivel impartido en esta asignatura fuera demasiado bajo, ya que una parte de los alumnos o bien suspendió, o no llegó al notable. Sin embargo, intentará ajustarlo para el curso que viene.

Comentarios del coordinador de **Transporte de fluidos y transmisión de calor**: está totalmente en desacuerdo con el comentario generalizado de los alumnos sobre la dificultad excesiva del examen, incluso considera que los problemas que les puso en el examen eran más fáciles que los hechos en clase, por lo que quedó muy decepcionado cuando comprobó el número de suspensos. Es consciente de los problemas que hubo con el calendario de prácticas, se revisarán el curso que viene.

En cuanto al posible enfoque más biológico de la materia, dice que los contenidos que imparten son los básicos que deben tener los alumnos, aunque no se muestra contrario a intentar poner ejemplos o explicaciones más directamente relacionadas con la parte biológica de los procesos biotecnológicos (este tema se tratará en la reunión de coordinadores para preparar el siguiente curso, ya que el Profesor Méndez se jubila este año).

Comentarios de la coordinadora de **Microbiología II** (enviados por correo electrónico):

Es consciente de que tienen que hacer ajustes en la duración de los temas, algo lógico cuando se imparte una materia por primera vez. El cambio de orden de algunos temas fue con la intención de hacer menos ardua la parte central del programa.

Está muy satisfecha de cómo se han desarrollado los seminarios y las prácticas, considera que a los alumnos les han parecido interesantes y han aprendido mucho. Detecta “serias deficiencias” del alumnado en cálculos básicos de laboratorio, por lo que el curso que viene hará un boletín de ejercicios que tendrán que completar antes de las prácticas.


Aporta ideas para coordinación con el resto de las materias (concretamente Genética II e Ingeniería Genética), que se tratarán en la siguiente reunión de coordinadores.




Cree que el actual sistema de valoración (entre 1 y 3) no refleja equitativamente la opinión de los alumnos, sugiere ampliar el rango de las valoraciones (de 1 a 5, o incluso, de 1 a 10).


ANEXO I. ENCUESTAS DE VALORACIÓN DE LA DOCENCIA

1. Las actividades realizadas se ajustan a la guía docente
2. El temario impartido se ajusta al programa
3. Hay redundancias con otras materias del mismo o diferente curso (1: muchas; 2: algunas; 3: pocas)
4. Las tutorías son útiles
5. Las clases prácticas son útiles
6. Los seminarios son útiles
7. Creo que la docencia de la materia mejoró mi formación
8. Creo que el nivel exigido en la evaluación, comparado con el nivel de las clases, fue: (1:bajo; 2:correcto; 3:excesivo)
9. Creo que el esfuerzo y dedicación que exige la materia fue: (1: bajo; 2: correcto; 3:excesivo)
10. ¿Cuántas horas semanales de trabajo personal son necesarias para la superación da materia? (1:<3 h; 2:3-6 h; 3:>6 h).

Los números dentro de las barras corresponden a las respuestas “NO PROCEDE”









Facultade de Bioloxía

Informe de Coordinación Grao en Biotecnoloxía

2º Semestre
Curso: 2019-2020



Coordinadores

Primeiro Curso: Manuel Noia Guldrís

Segundo Curso: Cristina Díaz Jullien

Indice

Contenido

Primeiro Curso.....	1
Segundo Curso.....	11

Primeiro Curso

ENQUISA AO ALUMNADO.

O alumnado respondeu a “enquisa de percepción do desenvolvemento das materias” (Anexo I) telematicamente dende o 10 ao 30 de xuño de 2019. En total, o número de enquisas contestadas foi de 27. Os resultados desta enquisa móstranse ao final do presente informe (Anexo II).

Este ano o número de participantes foi menor que o do ano pasado onde a enquisa fora feita de maneira presencial. Ademais, entre as enquisas que o alumnado se fixo entre eles, as que lles fixeron dende o Decanato e a Universidade, probablemente quedaron saturados ou fartos polo que non houbo tanta participación nesta.

REUNIÓN COA REPRESENTANTE DO ALUMNADO.

- Debido ás circunstancias vividas neste ano pola COVID-19, a comunicación con Cristina Cerqueira Atares (representante do alumnado) foi sempre mediante correo-e, a través do cal envioume as dúbidas, recomendacións, queixas e suxestións sobre as materias do 2º semestre do 1º curso de biotecnoloxía.

REUNIÓN COS COORDINADORES DAS MATERIAS.

- Pola mesma razón explicada anteriormente, non houbo reunión cos coordinadores das materias, citados a continuación:

Marta Lores Aguín (Técnicas analíticas e instrumentais).

Enrique Roca Bordello (Fundamentos de procesos biolóxicos).

Jesús Ángel López Romalde (Microbioloxía I).

Ana María Ríos Rodríguez (Termodinámica e cinética química).

Manuel Noia Guldrís (Coordinador de primeiro e de Bioloxía do desenvolvemento e dos tecidos).

Pero os comentarios aportados polo alumnado foron enviados por correo-e a ditos coordinadores para que enviaran os seus comentarios.

EN XERAL

Non hai comentarios xerais do período docente presencial.

Durante o confinamento, a representante púxose en contacto comigo para comunicarme que en xeral tiñan a impresión de ter unha carga de traballo moito maior da que terían nas clases presenciais, aínda que non en todas as materias. É que se podía informar ao resto do profesorado

que se reducira a carga de traballo porque non é posible avanzar ao mesmo ritmo que nas clases presenciais, cousa que foi transmitida ao profesorado de todas as materias.

Pregunteille á representante en cales das materias consideraban que estaban máis sobrecargados de traballo, respondendo que eran Fundamentos de Proceso Biolóxicos e Bioloxía do Desenvolvemento e dos Tecidos, xa que consideran que van máis rápido que como se iría nas clases presenciais, o que lles obriga a seguir un ritmo que se lles fai demasiado pesado, xa que aínda que estean todo o día en casa, satúranse precisamente por iso (sen entrar en casos particulares de alumnado que non ten un lugar axeitado para o estudo).

Tratado este tema de novo coa representante, informou que este apuro foi puntual durante as primeiras semanas onde estabamos todos a reorganizarnos e planificarnos. Despois de informar ao profesorado e ao irnos axustando máis ou menos ao calendario previo e dando facilidades de prazos de entrega, a carga de traballo foise atenuando.

Tamén comentan que é importante que para o ano que vén (polo que poida pasar), o profesorado teña moi en conta que o ritmo que se pode levar nas clases presenciais non é o mesmo que nas clases telemáticas, aparte de todos os posibles problemas de conectividade que poidan xurdir. Poñen como exemplo os seminarios onde se realizan exercicios, onde lles resulta moito máis difícil seguir o ritmo (realización dos mesmos, ver resultados, copiar, atender) que presencialmente.

Ademais, indican que hai que ter en conta os problemas de conexión, hai bastante alumnado que non ten unha conexión continua polo que perden partes das clases.

Por último, o alumnado transmite que son conscientes que para o profesorado tampouco foi fácil a situación vivida e que valoran os esforzos realizados para sacar o curso adiante.

A continuación aparecen os comentarios transmitidos polo alumnado para as cinco materias do segundo semestre.

TÉCNICAS ANALÍTICAS E INSTRUMENTAIS

Docencia presencial:

- Marta Lores: as clases, seminarios e titorias axustáronse ao previsto. Comentan que os seminarios resultaron un pouco longos xa que, en todos os que tiveron, sobrou bastante tempo.

Docencia telemática:

- Carmen García: impartiu clase a través de Teams segundo o establecido, nos horarios correspondentes.

- As prácticas realizáronse mediante esta plataforma, para poder contar coa porcentaxe na avaliación continua.

Método de avaliación: avaliación continua.

A coordinadora da materia informa que as prácticas foron telemáticas, con vídeos explicativos e cuestionarios acorde, e que contaron para a avaliación continua. Sorpréndelle que non fixeran ningún comentario, nin bo nin malo; porque o esforzó foi feito para adaptalas.

En relación coa lonxitude dos seminarios, terao en consideración. Comenta que ao ser de dúas horas seguidas, parécelle excesivo telos os 120 minutos traballando a tope; por tanto organízalos para que duren aproximadamente hora media ou os 100 minutos (50 x2), coa idea de non sobrecargalos; pero, visto o visto, o ano que vén preparará mais problemas e contidos.

En relación con subir as clases grabadas en vídeo, comenta que empregaron Teams para a explicación de prácticas e demais; pero tamén di que intentou subir vídeos noutra materia do Grao de Química e que lle foi imposible. Vive no rural, non ten fibra e probou a subilos de día, de noite, a cachos e non foi posible; é dicir, o profesorado tamén temos problemas de conexión polo que non é doada esa opción. Así que se optou polo uso do Team. Tamén comenta que está a mellorar a súa conectividade na casa polo que poida pasar o ano que vén.

Tamén indica que, en xeral, as dúas profesoras quedaron moi contentas coa actitude e o compromiso do alumnado, sobre todo as primeiras semanas, que foron as mais difíciles

BIOLOXÍA DO DESENVOLVEMENTO E DOS TECIDOS

Docencia presencial:

- Isabel Rodríguez: non se axustou de todo aos temas que se tiñan previstos (por falta de tempo) a pesar de que as explicacións quedaron moi claras e, en xeral, o alumnado quedou satisfeito.

Con respecto ao exame, informan que houbo preguntas que non dou tempo a desenvolver en clase (temas que non se explicaron) e que entraron no exame e non souberon responder axeitadamente.

- Manuel Noia: a dinámica da clase foi boa tanto en prácticas como nas clases expositivas.

Docencia telemática:

- Manuel: como único profesor, a comunicación entre alumnado/delegada e profesor foi excelente.

Comunican que o modo de resolver as prácticas, en xeral, foi un exceso de carga de traballo, aínda que aprecian que se puidesen realizar dalgunha maneira e poder ser avaliadas na avaliación continua.

Na parte de contidos, o ritmo foi segundo o establecido como se foxen clases presenciais. A carga de traballo non era excesiva e, á hora da realización do exame, este axustouse aos apuntamentos dados polo profesor.

Método de avaliación: avaliación continua + exame de contidos.

O coordinador da materia informa á profesora que imparte a parte de bioloxía do desenvolvemento que comenta que é consciente de que o alumnado pense que non se deran todos os temas previstos porque houbo unha reorganización de ditos temas polo que puido resultar confuso, pero os contidos do temario impartíronse por completo. Ademais, para o ano xa se fixo unha reestruturación do temario na parte de bioloxía do desenvolvemento polo que se considera que xa non se terá esta impresión sobre esta parte do temario.

En canto ao exame, indica que todo o que se preguntou no exame foi explicado en clase, o que se demostra pola alta porcentaxe de alumnado que respondeu axeitadamente.

O profesorado desta materia tamén quere dicir que quedou moi satisfeito co traballo e actitude do alumnado nas circunstancias tan complicadas que nos tocou vivir, sobre todo nas caóticas primeiras semanas.

FUNDAMENTOS DE PROCESOS BIOLÓXICOS

Docencia presencial:

- Gemma Eibes: tanto as clases expositivas como os seminarios axustáronse á guía docente.
- Enrique Roca: non todo o alumnado tivo clase con el, non hai comentarios.

Docencia telemática:

- Gemma Eibes: de novo, tanto seminarios como expositivas axustáronse aos horario establecidos usando Microsoft Teams. Comentan que nalgún momento a velocidade das clases era demasiado rápida xa que, á hora de resolver exercicios e/ou exemplos, non había tempo suficiente para poder tomar notas e atender.

A comunicación entre alumnado/delegada coa profesora foi excelente.

- Enrique Roca: as prácticas axustáronse aos horario e cando foi posible, adiantáronse para facilitar ao alumnado nas semanas próximas a exames. Tamén empregou a ferramenta Teams.

Algunhas veces resultou pesado xa que son prácticas de 3h. Ademais, indican que non contan coas mesmas facilidades que na facultade, nin cos mesmos programas (neste caso o simulador de biorreactores).

Método de avaliación: avaliación continua + traballo final ou exame + avaliación continua.

A profesora Gemma Eibes, en canto ao seguimento das clases (velocidade, resolver exercicios, tomar notas e atender), comenta que os exercicios e/ou exemplos resoltos subíronse ao campus virtual, polo que só era necesario atender.

MICROBIOLOXÍA I

Único profesor: Jesús Romalde

Docencia presencial:

- As clases axustáronse á guía docente.

Docencia telemática:

- Non houbo clases expositivas como tal, subíronse as presentacións de clase á aula virtual. No caso de non comprender algo ou ter problemas con algún tema, había a posibilidade de facer unha videoconferencia. Aínda que dispoñían de libros na rede para consultar, comentan que botaron de menos á hora de estudar uns apuntamentos máis sólidos que as presentacións, xa que ao non haber clases e non poder collelos de forma presencial, preparar e estudar a materia resultoulles difícil.

Método de avaliación: avaliación continua por temas.

Ao profesor parécelle axeitado o informe.

TERMODINÁMICA E CINÉTICA QUÍMICA

Única profesora: Ana María Ríos

Docencia presencial:

- As clases foron dinámicas e axustáronse á perfección coa guía docente.

Docencia telemática:

- Escolleuse a opción de subir vídeos ao campus virtual coa explicación da materia correspondente á clase expositiva ou ao seminario, seguindo o calendario. Ademais, fixéronse probas pola mesma plataforma ao finalizar cada un do temas.

As prácticas realizáronse de maneira telemática con vídeos explicativos e con formularios para realizar os cálculos.

Modo de avaliación: avaliación continua + formulario de contidos.

A profesora comenta que o informe parécelle ben e que os comentarios aportados son útiles de cara ao curso que vén.

Por ultimo, comentar que o alumnado, en liñas xerais, prefire como método telemático que se suban os vídeos das clases xa que así poden parar o vídeo e repetilo as veces que necesiten. Ademais, como xa se comentou anteriormente, o uso de Teams necesita dunha boa conexión da que non dispón todo o alumnado (sobre todo o que vive no rural), así que por exemplo nas prácticas que eran longas era complicado manter a cobertura tantas horas.

Tamén comentan que o método que lle parece máis axeitado para facer probas, prácticas, exercicios, etc., é mediante o Campus Virtual cargando o arquivo que baixan, realizan o traballo e cargan o resultado no tempo que se estipule para despois subirle o arquivo coas resolucións para que comproben o seu traballo.



ANEXO I

ENQUISA DE PERCEPCIÓN DO DESENVOLVEMENTO DAS MATERIAS.



CURSO 2019-20. 2º CUADRIMESTRE.


- 1.- Tendo en conta as limitacións creo que a adaptación á docencia en remoto foi:
Inadecuada (1) Adecuada (2) Boa (3) Non procede
- 2.- A comunicación do profesorado cos estudantes durante o período de docencia en remoto foi:
Inadecuada (1) Adecuada (2) Boa (3) Non procede
- 3.- As actividades realizadas axustáronse á guía docente tras os cambios introducidos:
Pouco (1) Bastante (2) Moito (3) Non procede
- 4.- O temario impartido axustouse ao programa tras os cambios introducidos:
Pouco (1) Bastante (2) Moito (3) Non procede
- 5.- O temario impartido foi redundante con outras materias do mesmo ou diferente curso:
Pouco (3) Bastante (2) Moito (1) Non procede
- 6.- As titorías foron útiles:
Pouco (1) Bastante (2) Moito (3) Non procede
- 7.- As clases prácticas (laboratorio/ordenador/exercicios/campo) foron útiles:
Pouco (1) Bastante (2) Moito (3) Non procede
- 8.- Os seminarios foron útiles:
Pouco (1) Bastante (2) Moito (3) Non procede
- 9.- Creo que a docencia da materia mellorou a miña formación:
Pouco (1) Bastante (2) Moito (3) Non procede
- 10.- Creo que o nivel esixido na avaliación, comparado co nivel das clases, foi:
Correcto (1) Algo excesivo (2) Moi excesivo (3) Non procede
- 11.- Creo que o esforzo e dedicación que esixe a materia foi:
Baixo (1) Medio (2) Elevado (3) Non procede
- 12.- Cantas horas semanais de traballo persoal son necesarias para a superación da materia?
< 3 horas (1) 3 a 6 horas (2) > 6 horas (3) Non procede
- 13.- Observacións e suxestións:

ANEXO II



Informe de Coordinación Grao en Biotecnoloxía 1º Semestre 2019-2020





Segundo Curso

El alumnado cubrió la encuesta de valoración de forma telemática entre los días 25 de mayo y 7 de junio de 2020. El número de respuestas fue de 30.

Las gráficas con los resultados obtenidos se muestran en el Anexo I.

REUNIÓN A TRAVÉS DE TEAMS CON LA REPRESENTANTE DEL ALUMNADO (09/06/2020)

Asistentes: Alba Ortega García (representante del alumnado) y Cristina Díaz Jullien (coordinadora de 2º curso).

COMENTARIOS GENERALES

En este segundo semestre hubo algunos problemas de solapamiento y también de contenidos no explicados:

- En Genética II se explicó secuenciación (contenidos que figuran en su programación docente), pero con menos profundidad que lo ya explicado por Microbiología II en el primer semestre (no figura en la programación docente).
- En Genética II no estudiaron recombinación, cuyos conceptos fueron dados por sabidos en la asignatura de Ingeniería Genética.
- Algunos contenidos necesarios para la Bioquímica II (entre ellos coenzimas) no fueron explicados con suficiente detalle en la Bioquímica I del primer semestre.

Se tratarán estos problemas en la reunión de coordinadores de 2º curso para evitar que se repitan el curso que viene.

Quisieron volver a recalcar (aunque no corresponde a una materia del segundo semestre) la dificultad del examen de la materia de Transporte de fluidos y transferencia de calor, y que aún no les han comunicado como será el examen de la segunda oportunidad.

En cuanto a las preferencias para docencia no presencial, la mayoría coincide en clases expositivas pre-grabadas y seminarios interactivos por Teams (al igual que lo reflejado en la encuesta realizada por la facultad).

COMENTARIOS ESPECÍFICOS DE CADA MATERIA

BIOQUÍMICA II:

- Aunque consideran que los contenidos de la materia son los que se corresponden con el temario, el volumen de información es excesivo para las horas de docencia.
- La comunicación por parte del profesor de los criterios de la evaluación y entrega de cuestiones fue algo confusa. La amplitud/longitud de las cuestiones que tuvieron que entregar fue excesiva, aunque el nivel sí se correspondía con lo explicado.
- Debido a los problemas de base antes mencionados, los primeros temas llevaron más tiempo del programado, por lo que los restantes tuvieron que darlos con demasiada velocidad.

GENÉTICA II:

- Están descontentos sobre todo con el desarrollo de la asignatura durante el confinamiento, tanto desde el punto de vista de la comunicación con el profesor (tardó mucho tiempo en ponerse en contacto con ellos), como con los materiales proporcionados: algunos fuera del período lectivo y con poca profundidad.
- Creen el nivel de las explicaciones fue demasiado básico y mencionan concretamente los temas de secuenciación: dado que conocen el prestigio del profesor en ese campo, no se cumplieron sus expectativas.
- Consideran que el método de evaluación no es el más adecuado para cualificar los conocimientos de la materia.

INMUNOLOGÍA:

- En general, están satisfechos con la asignatura y la profesora.
- Como único comentario, creen que el nivel de la materia es quizás demasiado básico.

FISIOLOGÍA VEGETAL E INGENIERÍA GENÉTICA:

- En general están satisfechos con las materias, no hay comentarios específicos.

REUNIÓN TELEMÁTICA CON LOS COORDINADORES DE LAS MATERIAS (16/07/2020)

Asistentes:

- Javier Sampedro Jiménez (Fisiología Vegetal. Coordinador de Grado)
- Pilar Arias Crespo (Inmunología)
- Jose M. Tubío Castro (Genética II)
- Primitivo Barja Francisco (Bioquímica I)
- Cristina Díaz Jullien (Ingeniería Genética. Coordinadora 2º curso)

Con respecto a los comentarios generales:

- El profesor de Genética va a ampliar para el curso que viene los temas dedicados a secuenciación (queda pendiente la coordinación con Microbiología II, se hará una reunión a principios del curso que viene).
- No es cierto que no hayan visto recombinación en la asignatura de Genética I (no es la primera vez que los alumnos aseguran que no se les ha explicado algo y lo que ocurre es que no se han enterado).
- El curso que viene se reforzarán algunos temas en la Bioquímica I (por ejemplo, coenzimas) para que tengan una mejor base para la Bioquímica II.

Comentarios específicos de algunas materias:

La mayoría de las quejas están referidas a aspectos concretos de la docencia durante el confinamiento. Debido a las dificultades que los propios profesores tuvimos para adaptarnos y desarrollar nuestro trabajo en esas condiciones, creo que hay que considerarlas como algo “excepcional” debido a lo ocurrido durante este curso, aunque tomamos nota para intentar mejorar por si hay que volver a impartir docencia de forma telemática.

Comentarios del coordinador de **Genética II**: reconoce que tardó algún tiempo (más de lo deseado) en proporcionar material docente a los estudiantes desde que se decretó el confinamiento, debido al proceso de elaboración del mismo (vídeos) y por el mismo motivo no pudo terminar de explicar todo el programa. Comentó que ningún alumno le pidió ninguna tutoría ni se puso en contacto con él para hablar sobre el desarrollo de la materia durante el confinamiento (excepto la coordinadora de curso).

No entiende las quejas sobre el sistema de evaluación, ya que fueron los propios alumnos los que escogieron la realización de un trabajo y los resultados fueron muy buenos (la encuesta se realizó cuando aún no habían entregado los trabajos).

Comentarios del coordinador de **Bioquímica II**: considera que el nivel impartido es el que corresponde a una docencia de calidad, y no cree que se pueda explicar la bioquímica “a medias”. La falta de base en algunos conceptos hizo que tuviese que dedicar más tiempo del deseado a repasar

materia que ya deberían saber. Sí reconoce que para la evaluación tuvo que descartar algunas cuestiones que les había mandado entregar por falta de tiempo para la corrección y que por ello algunos consideren que han trabajado de más, aunque cree que el objetivo fundamental de los alumnos debe ser aprender y no solo ser evaluados.

Comentarios de la coordinadora de **Inmunología**: con respecto al comentario de que en algunos aspectos el nivel de las explicaciones había sido demasiado básico, supone que se referirán a los temas explicados durante el confinamiento (los simplificó a propósito para no cargar demasiado a los alumnos), ya que en los seminarios de principio del curso algunos alumnos se quejaban de todo lo contrario.

ANEXO I. ENCUESTAS DE VALORACIÓN DE LA DOCENCIA

1. Tendo en conta as limitacións creo que a adaptación á docencia en remoto foi: 1. Inadecuada; 2. Boa; 3. Óptima.
2. A comunicación do profesorado cos estudantes durante o periodo de docencia en remoto foi: 1. Inadecuada; 2. Boa; 3. Óptima.
3. As actividades realizadas axustáronse á guía docente tras os cambios introducidos: 1. Pouco; 2. Bastante; 3. Moito.
4. O temario impartido axústouse ao programa tras os cambios introducidos: 1. Pouco; 2. Bastante; 3. Moito.
5. O temario impartido foi redundante con outras materias do mesmo ou diferente curso: 1. Moito; 2. Bastante; 3. Pouco.
6. As titorías foron útiles: 1. Pouco; 2. Bastante; 3. Moito.
7. As clases prácticas (laboratorio/ordenador/exercicios/campo) foron útiles: 1. Pouco; 2. Bastante; 3. Moito.
8. Os seminarios foron útiles: 1. Pouco; 2. Bastante; 3. Moito.
9. Creo que a docencia da materia mellorou a miña formación: 1. Pouco; 2. Bastante; 3. Moito.
10. Creo que o nivel esixido na avaliación, comparado co nivel das clases, foi: 1. Correcto; 2. Algo excesivo; 3. Moi excesivo.
11. Creo que o esforzo e dedicación que esixe a materia foi: 1. Correcto; 2. Algo excesivo; 3. Moi excesivo.
12. ¿Cantas horas semanais de traballo persoal son necesarias para a superación da materia? 1. <3; 2. 3-6; 3. >6.

El número dentro de las barras corresponde a los NO PROCEDE.

Las prácticas de las materias de Bioquímica II, Genética II e Ingeniería Genética no se han podido impartir de manera presencial en el laboratorio, fueron prácticas “telemáticas”.

